



Praza Agustin Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



OPEN AUTONÓMICO SPINNING ENCORO XUVENIL ENCORO DE CASTRELO DE MIÑO RIO MIÑO **23-SETEMBRO-2018**

Este Open está convocado pola Federación Galega de Pesca e Casting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación en Ourense, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.

A Competición rexerese polo Regulamento de Competicións de Pesca Deportiva e Cásting da FEPeC.

Lugar e Data:

Desenvolverase no encoro de Castrelo de Miño, o 23-09-2018.

Lugar de concentración:

A concentración dos participantes terá lugar no **Restaurante A Quinza** Coren Grill (Ribadavia) ás 10,30 horas do día 23-09-2018.

BASES

XURADO

A composición nominal do Xurado darase a coñecer na reunión de deportistas.

MANGAS

O número de mangas será de **dúas**, con unha duración de **2 horas** cada unha.

DEPORTISTAS.

- Todos os participantes deberán ter a licenza federativa e a licenza de pesca fluvial da Comunidade Autónoma de Galicia en vigor para o ano 2018.

ESCENARIO

A competición terá lugar na zona de Sampayo (Ribadavia), nun tramo de aproximadamente 2.100 mts., dende o comezo do peirao ata o final do paseo fluvial.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



NORMAS DE DESENVOLVEMENTO

-O exercicio da pesca deberá facerse sempre dende a beira, non permitíndose a introdución na auga baixo ningún pretexto.

-Tanto nos desprazamentos como na acción de pesca os deportistas non poderán tomar contacto nin intercambiar impresións con outros deportistas ou persoas alleas á competición, non estando permitido a cesión de cebos ou materiais para o exercicio da pesca.

-Cada participante deberá gardar unha distancia mínima con outros participantes de un radio de 25 mts.

-O desprazamento dos deportistas farase a pé.

- As capturas deberán presentarse á pesaxe vivas e en bo estado. Para elo deberán conservarse en recipientes adecuados ou por calquera outro método, ata o momento da pesaxe. Non se permite o traslado das pezas ó control en seco mais de 5 metros .

Art. 25.5 do Regulamento de competicións. Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

As inscricións faranse nas Delegacións Provinciais da F.G.P. A data límite de inscrición é o mércores 19 de Setembro de 2018.

PROGRAMA

10:30 horas	Concentración dos participantes. Sorteo de dorsais e entrega de documentación.
11:00 “	Preparación do material de pesca.
11:30 “	Inicio da primeira manga.
13:30 “	Fin da primeira manga.
14:00 “	Comida.
15:30 “	Preparación do material de pesca.
16:00 “	Inicio da segunda manga.
18:00 “	Fin da segunda manga.
18:30 “	Entrega de premios e clausura da competición.

Pablo de Andrés Vales
Presidente do Comité de Black-Bass da FGP